



A SAÚDE BUCODENTAL DOS ESCOLARES DE GALICIA. 2010

Servizo de Epidemioloxía
Servizo de Estilos de Vida Saudable e Educación para a Saúde
Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública
Consellería de Sanidade

Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública
Facultade de Medicina e Odontoloxía
Universidade de Santiago de Compostela



ÍNDICE

1. Introducción e xustificación	3
2. Obxectivos da investigación	4
3. Unidades estatísticas	
3.1. Ámbito da enquisa	4
3.2. Unidades da enquisa	4
4. Deseño da mostra	
4.1. Tipo de mostraxe	5
4.2. Tamaño da mostra e afixación	7
4.3. Selección da mostra	8
5. Recollida e tratamento dos datos	
5.1. Período de recollida	9
5.2. Ficha de exploración e cuestionario	9
5.3. Enquisas	10
5.4. Desenvolvemento do traballo de campo	10
5.5. Gravación e depuración dos datos	12
6. Indicadores	
6.1. Indicadores do estado de saúde oral aos 6 anos	15
6.2. Indicadores do estado de saúde oral aos 12 anos	16
6.3. Indicadores do estado de saúde oral aos 15 anos	18
7. Procedemento de estimación	20
8. Difusión de resultados	
8.1. Exploración externa e oral	23
8.2. Oclusión dental	23
8.3. Placa dental	23
8.4. Enfermidade periodontal	23
8.5. Estado dental	24
9. Evolución do estado da saúde bucodental	26
10. Conclusións	27
11. Bibliografía	28
Anexos	29



1. Introducción e xustificación

A carie dental é considerada dende un punto de vista sanitario como unha das enfermidades máis prevalentes, e acadou nos anos setenta do século pasado a categoría de pandemia nos países industrializados. Dende ese momento, debido aos importantes cambios na planificación sanitaria e nos hábitos hixiénicos da poboación, a prevalencia da enfermidade comezou a diminuír. Esta tendencia decrecente da carie foi obxectivada mediante a realización de estudos epidemiolóxicos nas cohortes infantís.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda realizar estudos sobre a saúde bucodental dos nenos de 6 e 12 anos cunha periodicidade quinquenal, co fin de avaliar a evolución da saúde oral na poboación infantil.

Estas idades considéranse puntos de referencia para o estudo da dentición temporal (6 anos) e da definitiva (12 anos) e pola facilidade de acceso a toda a poboación, xa que está totalmente escolarizada. Ademais, aos 12 anos prodúcese o cambio definitivo na estrutura da boca, coa erupción e maduración das pezas definitivas, e tamén se produce un maior incremento da carie dental e un asentamento dos hábitos de saúde. A OMS tamén propón a idade de 15 anos para estudar a tendencia e a gravidade da carie e porque se considera un indicador da enfermidade periodontal no adolescente.

En España realizáronse seis enquisas nacionais de saúde oral. As tres últimas (1993, 2000, 2005) foron promovidas polo Consello Xeral de Colexios de Dentistas de España e seguiron unha metodoloxía común en canto ao deseño da mostra e aos criterios diagnósticos. Os resultados destes estudos mostraron unha diminución na prevalencia e nos índices de carie no período 1993-2000, seguida dunha estabilización no período 2000-2005.

En Galicia, seguindo as recomendacións da OMS, véñense realizando estudos de saúde bucodental cada 5 anos dende 1995 (1995, 2000 e 2005) entre escolares de 6 e 12 anos. Ao longo desa década produciuse unha mellora na saúde dental dos escolares galegos, cunha redución na prevalencia de carie do 39% aos 6 anos (de 46,7% en 1995 a 28,6% en 2005) e do 18% aos 12 (64,2% a 52,7%), aínda que xa no ano 1995 se cumprían os obxectivos propostos pola OMS para o ano 2000 na rexión europea. Co fin de continuar a serie quinquenal iniciada en 1995 e cumprir así as recomendacións da OMS, a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública levou a cabo un novo estudo de saúde bucodental en escolares de Galicia no ano 2010, incluíndo neste caso o grupo de 15 anos.



2. Obxectivos da investigación

O obxectivo xeral deste estudo é coñecer a situación actual da saúde bucodental infantil no noso ámbito e valorar as actuacións que resultan máis axeitadas para esta poboación.

Os obxectivos específicos do estudo epidemiolóxico do ano 2010 son os seguintes:

- Coñecer o grao de afectación por carie, enfermidade periodontal e maloclusións nos escolares galegos de 6 e 12 anos. Ademais, nesta enquisa estudaranse tamén os escolares de 15 anos.
- Analizar a tendencia destas enfermidades en Galicia.
- Valorar o grao de coñecemento que teñen os escolares sobre as causas que orixinan estas enfermidades.
- Achegar información para determinar prioridades de intervención.

3. Unidades estatísticas

3.1. Ámbito da enquisa

O ámbito poboacional da enquisa está constituído por tres grupos independentes de escolares galegos: os de 6, 12 e 15 anos. O traballo de campo empezou a finais de 2010 e considerouse que a poboación de 6 anos está constituída polos nenos nados en 2004, que no curso 2010-2011 están en primeiro de educación primaria (EP); a poboación de 12 anos está constituída polos nenos nados en 1998, que están matriculados en primeiro da ESO no curso 2010-2011; finalmente, a poboación de 15 anos corresponde cos nados en 1995.

O tamaño dos grupos estimouse nuns 22.000, 24.000 e 20.000 escolares de 6, 12 e 15 anos, respectivamente, segundo os datos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O ámbito temporal da investigación abarca o período de decembro de 2010 a febreiro de 2011.

3.2. Unidades da enquisa

As unidades de análise son os escolares de 6 anos matriculados en centros de EP de Galicia no curso 2010-2011 e os escolares de 12 e 15 anos matriculados no mesmo curso en centros que imparten ensino secundario en Galicia.



Para a poboación de 6 e 12 anos, as unidades de mostraxe son os centros educativos e as aulas dos cursos correspondentes, primeiro de EP e primeiro de ESO, respectivamente. Inclúense no estudo todos os alumnos das aulas seleccionadas. A mostra de 15 anos esta constituída por unha mostra aleatoria de alumnos dos centros de ESO seleccionados; por este motivo, non se terá en conta a poboación de 15 anos para o deseño da mostra.

4. Deseño da mostra

4.1. Tipo de mostraxe

Para a selección da mostra realízase, en primeiro lugar, unha clasificación dos centros escolares de Galicia en tres grupos:

- Centros que só imparten educación primaria (661).
- Centros que imparten educación primaria e ensino secundario (237).
- Centros que só imparten ensino secundario (259).

No primeiro grupo selecciónase unha mostra aleatoria estratificada de aulas de primeiro de EP. Nos outros dous grupos realízase unha mostraxe bietápica estratificada, seleccionando centros educativos na primeira etapa e unha aula por centro na segunda. A diferenza débese a que nestes dous grupos é preciso seleccionar aulas de distintos cursos ou alumnos de distintas idades no mesmo centro. Este deseño permite reducir a dispersión xeográfica da mostra con respecto a unha mostraxe unietápica de aulas para cada curso.

Os centros educativos estratifícanse segundo o concello ao que pertencen seguindo un dobre criterio: a provincia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra) e o ámbito, definido a partir do tamaño poboacional segundo o padrón de 2009: urbano (≥ 20.000 hab.) ou rural (< 20.000 hab.). Polo tanto, resultan 8 estratos. No anexo I preséntanse os concellos clasificados no ámbito urbano.

O marco da mostraxe está constituído polo censo de centros escolares que imparten EP e ESO en Galicia, proporcionado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, con datos relativos ao número de aulas e alumnos dos cursos de interese no curso 2009-2010. Elimináronse os centros de EP con menos de 5 alumnos en primeiro e os centros cun número de alumnos entre 5 e 10 agrupáronse empregando un criterio de proximidade xeográfica (mesmo concello sempre que foi posible), co fin de garantir un mínimo de 10 alumnos por centro ou



conglomerado. Pola súa banda, tamén se eliminaron os centros de ESO con menos de 10 alumnos en primeiro. Na táboa 1 preséntase a porcentaxe de alumnos eliminados por curso e estrato, así como o número de centros.

Táboa 1. Número e porcentaxe de alumnos eliminados por estrato e nivel educativo e número de centros

Estrato		EP (6 anos)			ESO (12 anos)		
		Núm. de centros	Alumnos 1.º		Núm. de centros	Alumnos 1.º	
			Núm.	Porcentaxe		Núm.	Porcentaxe
Urbano	Coruña (A)	10	24	0,4	0	0	0,0
	Lugo	1	4	0,5	1	8	0,9
	Ourense	0	0	0,0	2	15	1,2
	Pontevedra	3	7	0,1	0	0	0,0
Rural	Coruña (A)	40	97	3,0	1	9	0,2
	Lugo	23	61	4,5	5	27	1,7
	Ourense	31	79	6,9	1	3	0,2
	Pontevedra	5	14	0,4	1	5	0,1
Total Galicia		113	286	1,3	11	67	0,3

No marco final da mostraxe quedaron 696 centros de educación primaria, ou agrupacións de centros, con 1.072 aulas de primeiro e 21.343 alumnos neste curso. Foi necesario agrupar 177 centros en 88 conglomerados de 2 centros cada un, coa excepción dun caso no que se uniron 3 centros. Para os efectos do deseño da mostra, cada conglomerado trátase como un único centro cunha aula composta polas dúas aulas (ou tres) dos centros agrupados. A distribución de centros, aulas e alumnos deste nivel preséntase na táboa 2.

Os centros de ensino secundario incluídos no marco de mostraxe foron 485, nos que hai 1.067 aulas de primeiro con 23.650 alumnos. A distribución de centros, aulas e alumnos deste nivel preséntase na táboa 2.

O número de centros que imparten tanto educación primaria como ensino secundario é de 232, que acumulan o 36% dos alumnos de primeiro de EP e o 38% de alumnos de ESO, tanto de primeiro como de cuarto.



Táboa 2. Distribución de centros, aulas e alumnos de primeiro de EP e primeiro de ESO por estrato

Estrato		EP			ESO		
		Centros	Aulas	Alumnos	Centros	Aulas 1.º	Alumnos 1.º
Urbano	Coruña (A)	142	252	5.606	98	243	5.863
	Lugo	121	176	3.186	88	193	3.714
	Ourense	23	36	807	17	36	919
	Pontevedra	59	76	1.294	46	76	1.582
Rural	Coruña (A)	29	48	1.037	22	53	1.230
	Lugo	41	59	1.061	32	58	1.212
	Ourense	154	249	5.178	108	237	5.460
	Pontevedra	127	176	3.174	74	171	3.670
Total Galicia		696	1.072	21.343	485	1.067	23.650

4.2. Tamaño da mostra e afixación

O tamaño da mostra de escolares determinouse, asumindo mostraxe aleatoria simple, de xeito independente para os grupos de 6 e 12 anos. Nos dous casos se considerou un nivel de confianza do 95%, un erro absoluto de mostraxe do 3,5% e unha prevalencia activa de carie á idade correspondente (6 ou 12 anos) semellante á obtida no anterior estudo de saúde bucodental realizado en Galicia (2005). Os tamaños de mostra obtidos aumentáronse para compensar o 10% de perdas esperadas por negativas a participar no estudo e para corrixir o efecto do deseño que se asumiu igual a 1,5. Na táboa 3 recóllese os tamaños de mostra obtidos e os datos empregados para o seu cálculo.

Táboa 3. Datos para o cálculo do tamaño de mostra en cada grupo de idade

DATOS	6 ANOS	12 ANOS
Tamaño poboacional	21.343	23.650
Prevalencia de carie (%)	32%	50%
Erro	± 3,5%	± 3,5%
Nivel de confianza	95%	95%
Efecto de deseño	1,5	1,5
Perdas	10%	10%
Tamaño da mostra	1.102	1.266

Para cada idade, o tamaño da mostra resultante repartiuse proporcionalmente por estrato, considerando por separado os centros que imparten os dous niveis educativos, EP e ESO, e os centros que só imparten EP ou só imparten ESO, segundo o caso. O número de aulas que se seleccionan en cada estrato calculouse a partir do tamaño medio das aulas dese estrato. Na táboa 4 pódese ver o número de aulas que se selecciona por estrato en cada grupo de centros.



Nos centros que imparten ESO, de xeito exclusivo ou incluíndo EP, as unidades de primeira etapa son os centros educativos, pero na segunda etapa selecciónase unha única aula por centro, polo que o tamaño de mostra de centros coincide co de aulas.

Táboa 4. Número de aulas que se seleccionan por estrato en cada grupo de centros, segundo os niveis educativos que imparten

Estrato		Só EP	EP e ESO		Só ESO
		Aulas 1.º EP	Aulas 1.º EP	Aulas 1.º ESO	Aulas 1.º ESO
Urbano	Coruña (A)	9	5	5	8
	Lugo	7	4	4	7
	Ourense	1	1	1	2
	Pontevedra	3	1	1	3
Rural	Coruña (A)	1	2	2	2
	Lugo	2	1	1	2
	Ourense	8	5	5	8
	Pontevedra	7	3	3	6
Total Galicia		38	22	22	38


4.3. Selección da mostra

Nos centros que imparten só educación primaria seleccionouse unha mostra aleatoria simple de aulas en cada un dos 8 estratos definidos, segundo os tamaños establecidos na táboa 4. Tendo en conta que algúns centros son agrupacións e que pode coincidir máis dunha aula no mesmo centro, o número de centros na mostra (40) non coincide co número de aulas seleccionadas (38).

Nos centros que imparten ESO, tanto se teñen primaria coma se non, seleccionouse unha mostra aleatoria simple de centros e en cada centro elixiuse aleatoriamente unha aula de cada curso, no caso de ter máis dunha.

Finalmente, resultou unha mostra de 100 centros educativos, 40 de EP, 22 de EP e ESO e 38 que só imparten ESO, que se distribúen por concello segundo a figura 1. O número de aulas que se vai estudar é de 60 para cada curso (primeiro de EP e primeiro de ESO), o que supón un total de 120 aulas. Inclúense no estudo todos os alumnos das aulas seleccionadas. Ademais, en cada centro de ESO (60) inclúense no estudo todos os alumnos de 15 anos (nados en 1995).

Figura 1. Distribución dos centros seleccionados por concello



5. Recollida e tratamento de datos

5.1. Período de recollida

O traballo de campo realizouse entre decembro de 2010 e febreiro de 2011.

5.2. Ficha de exploración e cuestionario

Para a recollida de información sobre o estado de saúde bucodental empregouse un cuestionario de exploración (anexo II) similar ao empregado no ano 2005, co fin de asegurar a comparabilidade.

Trátase do modelo de exploración da OMS tomado do manual *“Encuestas de salud bucodental Métodos básicos 4.ª ed. 1997”*. *Formulario OMS de evaluación de la salud bucodental*”. Neste estudo incorpóranse un maior número de indicadores que nos anteriores estudos, como os indicadores para elaborar o índice DAI que avalía os problemas de oclusión dental, que tanto interese espertan na poboación actualmente. Os códigos empregados son os da OMS e ampliando algún ítem para facilitar a avaliación dos programas de saúde oral da comunidade. De xeito que tanto pola metodoloxía como polos códigos empregados, os resultados obtidos pódense agregar e comparar coas bases de datos da OMS.



5.3. Enquisas

Para a recollido de información sobre hábitos hixiénicos empregáronse dous modelos de enquisas, un para os escolares de 6 anos (que a cubrían os pais/nais na casa) (anexo III.a) e outro para os escolares de 12 e 15 anos (anexo III.b), que as cubrían os propios escolares na aula baixo a dirección do responsable do equipo.

As enquisas eran adaptadas dos estudos anteriores realizados en Galicia e doutros estudos realizados a nivel nacional. Engádesse un punto relativo ás desigualdades sociais e á saúde oral.

5.4. Desenvolvemento do traballo de campo

É preciso o adestramento do persoal para que se adapte á sistemática do estudo, ao modelo de ficha e aos códigos da OMS, empregando criterios comúns, definidos no informe técnico da OMS.

Isto desenvolveuse en tres fases:

- Na primeira fase lévase a cabo a formación teórica, estudando a sistemática do estudo e os criterios que se van aplicar nas definicións das patoloxías e como cubrir a enquisa e a ficha de exploración; fíxose nas dependencias da Universidade de Santiago, practicando sobre modelos con pezas extraídas.
- Na segunda fase realizouse a aplicación práctica dos criterios e da sistemática do programa. Realizouse en dous colexios e traballouse na sistemática da realización da enquisa e da exploración.
- Na terceira fase –realizada durante o estudo–, pretendíase reforzar os criterios, facer o seguimento dos equipos e o control dos resultados. Realizouse nas escolas sen coñecemento previo dos exploradores, repetir a exploración dos nenos de diferentes colexios e supervisar a todos os equipos.

Das dúas primeiras fases o obxectivo era adestrar e unificar criterios; estudábanse os modelos e discutíase ata acadar o mesmo criterio. Na fase de aplicación práctica buscábase a resolución de problemas reais que ían xurdindo e traballábase ata a unificación dos criterios discutindo directamente sobre os nenos. Na fase intra estudo analízanse os mesmos escolares que xa revisaron os equipos e aclaráronse as diferenzas entre os exploradores e o calibrador. Repetíronse durante o estudo uns 100 escolares de todos os grupos de idade e supervisáronse a todos os equipos.

No inicio calibráronse seis equipos, pero un non iniciou a fase do estudo, por problemas alleos a este, a odontóloga renunciou a continuar no estudo, repartindo os colexios



entre os demais equipos. O repartimento de escolas fíxose por proximidade xeográfica e cun número de alumnos proporcional a cada equipo, e tivo a aceptación dos equipos.

A información da enquisa recolleuse de xeito presencial nos centros educativos mediante unha exploración realizada por odontólogos e hixienistas e unha entrevista persoal.

Se un centro educativo rexeita participar no estudo, é substituído por outro do mesmo estrato. Os alumnos que non teñen autorización dos seus pais para participar no estudo non son substituídos, agás que a porcentaxe de perdas nunha determinada aula supere o 65%; nese caso, substitúese toda a aula.

Os responsables do traballo de campo dispoñen dunha listaxe dos centros que deben visitar para facer as exploracións e as entrevistas, así como o número das aulas seleccionadas en cada centro. Cada centro leva asignado un código único que se recolle na ficha de exploración e no cuestionario e grávase na base de datos; tamén se identifica a aula cun código no caso dos escolares de 6 anos.

Estes códigos permiten identificar a aula, o centro educativo e o estrato de cada alumno co fin de definir as variables do deseño e de asignar a ponderación que lle corresponde. Ademais, a cada escolar incluído na mostra asignóuselle un código único, co fin de vincular os resultados da exploración cos da enquisa. En ningún caso se gravou na base de datos información persoal do alumnado.

Ademais da base de datos co resultado da exploración e as respostas ao cuestionario, gravouse noutra base de datos a información recollida nas fichas de incidencias do traballo de campo (anexo IV).

Durante o traballo de campo foi necesario realizar as seguintes substitucións:

- O IES Eduardo Pondal (15107) de Santiago de Compostela foi substituído polo CPR Cristo Rei da Coruña (15123).
- Un conglomerado de EP que tiña dous CEIP –Quins de Melón (32204) e CRA Amencer de Ribadavia (32206)– foi substituído polo CEIP Calvo Sotelo do Carballiño (32207).
- Un colexio de EP e ESO, o CPI Pecalama de Tordoia (15210), foi substituído polo CPI de Cruz do Sar de Bergondo (15220), pero só para a mostra de 6 anos.
- O IES Manuel Chamoso Lamas do Carballiño (32201) foi substituído polo IES Cidade de Antioquía de Xinzo de Limia (32208).



- O IES Mestre Landín de Marín (36102) foi substituído polo IES Sánchez Cantón de Pontevedra (36125) que, pola súa vez, foi substituído polo IES Chan do Monte de Marín (36126).

Por outra banda, foi necesario ampliar a mostra de centros de 12 e 15 anos e os novos centros seleccionados foron:

- Centros de EP e ESO:
 - Estrato 151: 1 centro (CPR La Milagrosa de Ribeira, 15122).
 - Estrato 152: 1 centro (CPI de Cruz do Sar de Bergondo, 15220).
 - Estrato 361: 2 centros (CPR Eduardo Pondal de Cangas, 36123; CPR San Narciso de Marín, 36124).
- Centros de ESO:
 - Estrato 151: 2 centros (IES Coroso de Ribeira, 15124; IES Rafael Dieste da Coruña, 15125).
 - Estrato 321: 2 centros (IES O Couto de Ourense, 32106; IES Universidade Laboral de Ourense, 32107).

No anexo V inclúese a listaxe de centros educativos seleccionados para incluír na mostra, así como o número das aulas seleccionadas para cada curso e centro.

5.4. Gravación e depuración dos datos

Os datos obtidos da exploración foron revisados polos equipos e posteriormente entregados nas dependencias da Universidade de Santiago de Compostela (USC); as fichas escaneáronse co programa informático Forms da casa Readsoft, que permite capturar información de calquera tipo de formulario de papel e admite texto manuscrito e impreso.

A supervisión das fichas realizouse manualmente despois da realización do traballo.

Na fase de escaneado, o programa tiña un sistema de control que, cando atopa incongruencias, devolve a ficha e detén o sistema ata que se solucione o problema. O escaneado-control levouse a cabo no mes de marzo 2011 e as revisións de control, de abril a xuño do 2011.

As fichas escaneadas correctamente almacenábanse nunha base de datos e fixéronse controis de calidade manuais, revisáronse as incongruencias atopadas e modificáronse con respecto ao orixinal.



Os principais problemas debéronse a defectos na escritura dalgunhas letras ou números e foron revisados manualmente.

Posteriormente a Universidade de Santiago de Compostela entregou unha base de datos en formato SPSS para cada cohorte (6/12/15 anos) con todas as variables codificadas numericamente e etiquetadas.

A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública elaborou un programa de depuración propio para garantir a calidade dos datos, o cal fai as seguintes comprobacións:

- Estado dental
 - As variables do estado dental das pezas definitivas toman valores entre 0 e 12, se son distintas de *missing*.
 - As variables do estado dental das pezas definitivas 16, 26, 36, 46, 17, 27, 37, 47 non poden ser *missing*.
 - As variables do estado dental das pezas temporais toman valores entre 0 e 11, se son distintas de *missing*.
 - As variables que recollen o estado dental dunha peza definitiva e a correspondente temporal non poden ser simultaneamente *missing*, nin simultaneamente distintas de *missing*, aínda que pode haber algunha excepción neste último caso, é dicir, un escolar pode ter presentes unha peza temporal e a correspondente definitiva.
- Necesidades de tratamento
 - As variables que recollen as necesidades de tratamento toman valores entre 0 e 10, se son distintas de *missing*.
 - Os dentes ausentes (4, 5) non precisan tratamento (0) ou precisan outro tratamento (7).
 - Os dentes non erupcionados (8) teñen *missing* nas necesidades de tratamento.
 - Os dentes excluídos (9) non precisan tratamento (0).
 - Se o estado dental é *missing*, o tratamento tamén é *missing*.
- Superficies afectadas
 - O número de superficies afectadas varía entre 0 e 6.
 - Os dentes sans (0) teñen 0 superficies afectadas.
 - As pezas non erupcionadas (8) teñen *missing* no número de superficies afectadas.



6. Indicadores

Para rexistrar o estado da dentición úsanse os seguintes códigos numéricos:

- 0- San
- 1- Cariado
- 2- Obturado con carie
- 3- Obturado sen carie
- 4- Ausente por carie
- 5- Ausente por outra razón
- 6- Selado fisuras
- 7- Piar ponte ou coroa
- 8- Non erupcionado
- 9- Excluído
- 10- Fluorose
- 11- Traumatismo
- 12- Selado con carie

O número de pezas revisadas, sans, cariadas, ausentes e obturadas para cada dentición calcúlase como:

- Pezas temporais:
 - Pezas revisadas: $(0)+(1)+(2)+(3)+(6)+(7)+(10)+(11)$
 - Pezas sans: $(0)+(6)+(10)+(11)$
 - Pezas cariadas: $(1)+(2)$
 - Pezas ausentes: (4)
 - Pezas obturadas: (3)
- Pezas definitivas:
 - Pezas revisadas: $(0)+(1)+(2)+(3)+(6)+(7)+(10)+(11)+(12)$
 - Pezas sas: $(0)+(6)+(10)+(11)$
 - Pezas cariadas: $(1)+(2)+(12)$
 - Pezas ausentes: (4)
 - Pezas obturadas: (3)



Para rexistrar as necesidades de tratamento úsanse os seguintes códigos numéricos:

- 0- Non precisa
- 1- Obturación superficial
- 2- Obturación máis dunha superficie
- 3- Coroa
- 4- Cara
- 5- Tratamento polpar
- 6- Extracción
- 7- Outro tratamento
- 8- Non rexistrado
- 9- Tratamento preventivo
- 10- Selado de fisuras

6.1. Indicadores do estado de saúde oral aos 6 anos

- Media de pezas por neno segundo o estado de afectación das pezas temporais:
 - Pezas revisadas
 - Pezas sans
 - Pezas cariadas
 - Pezas obturadas
 - Índice co: media de pezas cariadas e obturadas
 - Índice SIC: media de pezas cariadas e obturadas no terzo dos individuos cos valores máis altos
- Media de pezas por neno segundo o estado de afectación das pezas en ambas as denticións:
 - Pezas revisadas
 - Pezas sans
 - Pezas cariadas
 - Pezas ausentes (non inclúe as temporais)
 - Pezas obturadas
 - Índice CAOco: media de pezas cariadas, ausentes e obturadas
 - Índice SIC: media de pezas cariadas, ausentes e obturadas no terzo dos individuos cos valores máis altos.
- Porcentaxe de nenos segundo o estado de afectación das pezas temporais:
 - Pezas cariadas



- Pezas obturadas
- Prevalencia de carie (considérase que un individuo ten carie se o número de pezas temporais cariadas e obturadas con carie é maior ca 0)
- Porcentaxe de nenos segundo o estado de afectación das pezas en ambas as denticións:
 - Pezas cariadas
 - Pezas ausentes (non inclúe as temporais)
 - Pezas obturadas
 - Prevalencia de carie (considérase que un individuo ten carie se o número de pezas temporais cariadas e obturadas por carie máis o número de pezas definitivas cariadas, ausentes por carie e obturadas con carie é maior ca 0)
- Porcentaxe de nenos segundo o estado de afectación do molar 6:
 - Pezas cariadas
 - Pezas ausentes
 - Pezas obturadas
 - Prevalencia de carie (considérase que un individuo ten carie no molar 6, peza definitiva, se o número de pezas cariadas, ausentes por carie e obturadas con carie é maior ca 0)
- Índice de restauración:
 - En pezas temporais (razón entre a media de pezas obturadas e o índice co)
 - En ambas as denticións (razón entre a media de pezas obturadas e o índice CAOco)
- Necesidades de tratamento
 - Porcentaxe de nenos que non necesitan tratamento en ningún dente
 - Porcentaxe de nenos que necesitan tratamento nalgún dente, por tipo de tratamento
 - Porcentaxe de nenos que necesitan tratamento urxente

6.2. Indicadores do estado de saúde oral aos 12 anos

- Media de pezas por neno segundo o estado de afectación das pezas temporais:
 - Pezas revisadas
 - Pezas sans



- Pezas cariadas
- Pezas obturadas
- Índice co: media de pezas cariadas e obturadas
- Índice SIC: media de pezas cariadas e obturadas no terzo dos individuos cos valores máis altos
- Media de pezas por neno segundo o estado de afectación das pezas definitivas:
 - Pezas revisadas
 - Pezas sans
 - Pezas cariadas
 - Pezas ausentes
 - Pezas obturadas
 - Índice CAO: media de pezas cariadas, ausentes e obturadas
 - Índice SIC: media de pezas cariadas, ausentes e obturadas no terzo dos individuos cos valores máis altos
- Media de pezas por neno segundo o estado de afectación das pezas en ambas as denticións:
 - Pezas revisadas
 - Pezas sans
 - Pezas cariadas
 - Pezas ausentes (non inclúe as temporais)
 - Pezas obturadas
 - Índice CAOco: media de pezas cariadas, ausentes e obturadas
 - Índice SIC: media de pezas cariadas, ausentes e obturadas no terzo dos individuos cos valores máis altos
- Porcentaxe de nenos segundo o estado de afectación das pezas temporais:
 - Pezas cariadas
 - Pezas obturadas
 - Prevalencia de carie (considérase que un individuo ten carie se o número de pezas temporais cariadas e obturadas con carie é maior ca 0)
- Porcentaxe de nenos segundo o estado de afectación das pezas definitivas:
 - Pezas cariadas
 - Pezas ausentes



- Pezas obturadas
- Prevalencia de carie (considérase que un individuo ten carie se o número de pezas definitivas cariadas, ausentes por carie e obturadas con carie é maior ca 0)
- Porcentaxe de nenos segundo o estado de afectación das pezas en ambas as denticións:
 - Pezas cariadas
 - Pezas ausentes (non inclúe as temporais)
 - Pezas obturadas
 - Prevalencia de carie (considérase que un individuo ten carie se o número de pezas temporais cariadas e obturadas por carie máis o número de pezas definitivas cariadas, ausentes por carie e obturadas con carie é maior ca 0)
- Porcentaxe de nenos segundo o estado de afectación do molar 6:
 - Pezas cariadas
 - Pezas ausentes
 - Pezas obturadas
 - Prevalencia de carie (considérase que un individuo ten carie no molar 6, peza definitiva, se o número de pezas cariadas, ausentes por carie e obturadas con carie é maior ca 0)
- Índice de restauración:
 - En pezas temporais (razón entre a media de pezas obturadas e o índice co)
 - En pezas definitivas (razón entre a media de pezas obturadas e o índice CAO)
 - En ambas as denticións (razón entre a media de pezas obturadas e o índice CAOco)
- Necesidades de tratamento
 - Porcentaxe de nenos que non necesitan tratamento en ningún dente
 - Porcentaxe de nenos que necesitan tratamento nalgún dente, por tipo de tratamento
 - Porcentaxe de nenos que necesitan tratamento urgente

6.3. Indicadores do estado de saúde oral aos 15 anos

- Media de pezas por neno segundo o estado de afectación das pezas definitivas:
 - Pezas revisadas
 - Pezas sans



- Pezas cariadas
- Pezas ausentes
- Pezas obturadas
- Índice CAO: media de pezas cariadas, ausentes e obturadas
- Índice SIC: media de pezas cariadas, ausentes e obturadas no terzo dos individuos cos valores máis altos
- Media de pezas por neno segundo o estado de afectación das pezas en ambas as denticións:
 - Pezas revisadas
 - Pezas sans
 - Pezas cariadas
 - Pezas ausentes (non inclúe as temporais)
 - Pezas obturadas
 - Índice CAOco: media de pezas cariadas, ausentes e obturadas
 - Índice SIC: media de pezas cariadas, ausentes e obturadas no terzo dos individuos cos valores máis altos
- Porcentaxe de nenos segundo o estado de afectación das pezas definitivas:
 - Pezas cariadas
 - Pezas ausentes
 - Pezas obturadas
 - Prevalencia de carie (considérase que un individuo ten carie se o número de pezas definitivas cariadas, ausentes por carie e obturadas con carie é maior ca 0)
- Porcentaxe de nenos segundo o estado de afectación das pezas en ambas as denticións:
 - Pezas cariadas
 - Pezas ausentes (non inclúe as temporais)
 - Pezas obturadas
 - Prevalencia de carie (considérase que un individuo ten carie se o número de pezas temporais cariadas e obturadas por carie máis o número de pezas definitivas cariadas, ausentes por carie e obturadas con carie é maior ca 0)
- Porcentaxe de nenos segundo o estado de afectación do molar 6:
 - Pezas cariadas
 - Pezas ausentes
 - Pezas obturadas



- Prevalencia de carie (considérase que un individuo ten carie no molar 6, peza definitiva, se o número de pezas cariadas, ausentes por carie e obturadas con carie é maior ca 0)
- Índice de restauración:
 - En pezas definitivas (razón entre a media de pezas obturadas e o índice CAO)
 - En ambas as denticións (razón entre a media de pezas obturadas e o índice CAOco)
- Necesidades de tratamento:
 - Porcentaxe de nenos que non necesitan tratamento en ningún dente
 - Porcentaxe de nenos que necesitan tratamento nalgún dente, por tipo de tratamento
 - Porcentaxe de nenos que necesitan tratamento urgente

7. Procedemento de estimación

A base orixinal cos datos da enquisa estaba en formato SPSS. Esta táboa exportouse ao programa de análise estatístico Stata 10.0, que inclúe ferramentas de estimación para datos de enquisas. As instrucións empregadas para estimar medias e proporcións son, respectivamente: svy: mean e svy: proportion, e os resultados que proporciona o programa son: o estimador puntual, o erro estándar e o intervalo de confianza. Previamente é preciso identificar, coa instrución svyset, as seguintes variables: estratos, aulas, alumnos e ponderación. Non se emprega a información do centro educativo, posto que o método de estimación da varianza só usa os datos do último conglomerado.

Para a estimación das características da poboación obxecto desta enquisa emprégase un estimador de razón, que é o proporcionado polo programa Stata:

$$\hat{P} = \frac{\sum_{hij} W_{hij} X_{hij}}{\sum_{hij} W_{hij}}$$

Onde:

- h indica o estrato, i a aula e j o individuo.
- X_{hij} é o valor da característica que se estima no individuo j da aula i do estrato h.
- W_{hij} é o factor de elevación ou ponderación do individuo j da aula i do estrato h.



Os pesos de cada individuo son os pesos baseados no deseño da mostra, é dicir, o inverso da probabilidade de selección, que é o produto das probabilidades de selección en cada etapa. Estes pesos varían segundo o curso e o tipo de centro.

- Escolares de primeiro de EP de centros que só imparten EP:

A probabilidade de selección do individuo i da aula j do estrato h é:

$$f_{hij} = \frac{m_h}{M_h}$$

onde M_h denota o número de aulas do estrato h , e m_h o número de aulas seleccionadas nese estrato. Polo tanto, a mostra de cada estrato é autoponderada e a ponderación ou factor de elevación para os individuos do estrato h é:

$$W_h = \frac{M_h}{m_h}$$

- Escolares de primeiro de EP ou primeiro da ESO de centros que imparten ESO (con ou sen EP):

Primeira etapa: en cada estrato selecciónase unha mostra aleatoria simple de centros, coas seguintes probabilidades de selección:

$$f_h^1 = \frac{c_h}{C_h}$$

onde C_h denota o número total de centros do estrato h e c_h o número de centros seleccionados.

Segunda etapa: en cada centro selecciónase unha aula con probabilidades iguais:

$$f_{hk}^2 = \frac{1}{M_{hk}}$$

onde M_{hk} é o número de aulas do centro k do estrato h .

Entón, a probabilidade de selección do individuo i do centro k da aula j do estrato h é:

$$f_{hkij} = \frac{c_h}{C_h} \frac{1}{M_{hk}}$$

e a ponderación para os individuos do centro k do estrato h é:

$$W_{hk} = \frac{C_h}{c_h} M_{hk}$$

- Escolares de cuarto da ESO:

A probabilidade de selección do individuo i do centro k do estrato h é:

$$f_{hki} = \frac{c_h}{C_h}$$

onde C_h denota o número total de centros do estrato h e c_h , o número de centros seleccionados. Polo tanto, a mostra de cada estrato é autoponderada e a ponderación ou factor de elevación para os individuos do estrato h é:

$$W_h = \frac{C_h}{c_h}$$

Estes pesos baseados no deseño axustáronse a unha postestratificación da mostra por provincia e sexo, usando as estimacións da poboación actual que realiza o INE, por idade, provincia e sexo referidas o 1 de xaneiro de 2011 (táboa 5).

Táboa 5. Estimacións da poboación actual de Galicia referidas ao 1 de xaneiro de 2011, por idade, provincia e sexo. Fonte: INE.

Provincia	Sexo	Poboación a 01/01/2011		
		6 anos	12 anos	15 anos
A Coruña	Homes	4.542	4.344	4.263
	Mulleres	4.332	4.013	4.151
Lugo	Homes	1.086	1.111	1.193
	Mulleres	1.060	1.079	1.149
Ourense	Homes	1.046	1.008	1.214
	Mulleres	1.005	1.017	1.125
Pontevedra	Homes	4.395	4.002	4.094
	Mulleres	4.156	3.738	3.804
Total		21.622	20.312	20.993

Se W_j é o peso mostral sen axustar do individuo j , o peso axustado á postestratificación por provincia e sexo obtense do xeito seguinte:

$$W_j^* = \sum_{k=1}^8 I_k(j) \frac{M_k}{\hat{M}_k} W_j$$

Onde:

- $I_k(j) = \begin{cases} 1 & \text{se } j \in \text{post-estrato } k \\ 0 & \text{noutro caso} \end{cases}$
- M_k é a poboación do postestrato k .
- $\hat{M}_k = \sum_{j=1}^8 I_k(j) W_j$

O intervalo de confianza do 95% dun parámetro θ (media ou proporción) estímase por:

$$\hat{\theta} \pm t_{1-\alpha/2, d} \sqrt{\hat{V}(\hat{\theta})}$$

Onde:

- $\alpha=0,05$ é o nivel de significación.
- $t_{1-\alpha/2, d}$ é o percentil da distribución t-Student con d graos de liberdade, que deixa á esquerda unha probabilidade igual a $1-\alpha/2=0,975$.
- $d = \sum_h m_h - L$, sendo L o número de estratos.



8. Difusión de resultados

O número de centros escolares que participou no estudo foi de 106 e a mostra final está constituída por 1.034 escolares de 6 anos (de 60 aulas de primeiro de EP), 1.045 escolares de 12 anos (de 67 aulas de primeiro da ESO) e 783 de 15 anos.

8.1. Exploración externa e oral

Nos escolares de 6 anos, a exploración externa revelou algunha patoloxía no 1,7% (0,7-2,7) dos/das nenos/as e a porcentaxe de patoloxía na exploración da mucosa oral foi de 2,9% (1,3-4,4). Máis do 95% dos escolares non presentaba fluorose e o 6,1% (3,9-8,4) tiña opacidades dentais.

Aos 12 anos, a porcentaxe de escolares con patoloxías foi de 1,8% (0,8-2,9) na exploración externa, igual que aos 15 anos [1,8% (0,9-2,6)], e de 4,9% (3,2-6,5) na exploración oral, que foi lixeiramente inferior aos 15 anos: 3,2% (2,0-4,5). Nas dúas idades, a porcentaxe de escolares sen fluorose foi do 93% e arredor do 8% tiña opacidades dentais.

8.2. Oclusión dental

A maior porcentaxe de maloclusión, tanto leve coma severa, observouse nos escolares de 12 anos, con valores do 34,5% (29,7-39,3) e do 9,3% (7,2-11,4), respectivamente. Aos 6 e 15 anos, a porcentaxe de escolares afectados por maloclusión, leve ou severa, non chega ao 35%.

8.3. Placa dental

En canto á hixiene dental, a porcentaxe de escolares que teñen todos os sextantes sen placa está preto do 20%, tanto aos 6 coma aos 12 anos, moi por debaixo da porcentaxe observada aos 15 anos: 35,2% (29,8-40,7). De se ter en conta o peor estado de hixiene dental, arredor do 45% dos escolares ten placa no bordo xinxival, en todas as idades.

8.4. Enfermidade periodontal

A porcentaxe de nenos/as con todos os sextantes sans diminúe coa idade: 87,1% (83,3-90,9) aos 6 anos, 57,1% (52,4-61,9) aos 12 anos e 47,7% (43,5-52,0) aos 15. Tendo en conta o peor estado periodontal, un 4,0% (2,5-5,7) dos escolares de 6 anos presenta cálculo; esta porcentaxe aumenta ao 27,5% (22,3-32,6) aos 12 anos e está próxima ao 40% aos 15: 39,8% (34,6-45,1). O sangrado espontáneo é o peor estado dos sextantes no 5%, 11% e 8% dos escolares de 6, 12 e 15 anos, respectivamente.



8.5. Estado dental

Nos escolares de 6 anos revisáronse unha media de 21,8 pezas (21,7-21,9), das que 17,3 eran temporais e 4,5 definitivas. A media de pezas revisadas foi de 26,4 (26,2-26,6) aos 12 anos e de 27,6 (27,5-27,7) aos 15 anos; nos dous casos eran fundamentalmente pezas definitivas.


Na táboa 6 preséntanse os indicadores de saúde dental ás tres idades. Como se pode observar, a prevalencia de carie en ambas as denticións aumenta coa idade, con valores arredor do 30%, 40% e 50% aos 6, 12 e 15 anos, respectivamente. En canto á media de pezas temporais e definitivas afectadas, índice CAOco, é inferior a 1 aos 6 e 12 anos (0,8), pero supera lixeiramente este valor aos 15 (1,4). De se calcular esta media no terzo de escolares con peores valores CAOco (índice SIC), a media de pezas afectadas está arredor de 1 aos 6 e 12 e preto de 2 aos 15 anos, respectivamente. O índice de restauración tamén aumenta coa idade e chega case ao 90% aos 15 anos.

Táboa 6. Indicadores de saúde bucodental nos escolares galegos de 6, 12 e 15 anos.
Galicia, ano 2010

IDADE	6 ANOS		12 ANOS		15 ANOS	
	valor	IC (95 %)	Valor	IC (95 %)	valor	IC (95 %)
Pezas revisadas (media)						
Dentición temporal	17,3	17,2 - 17,4	1,3	1,1 - 1,4	0,07	0,05 - 0,09
Dentición definitiva	4,5	4,3 - 4,7	25,1	24,8 - 25,4	27,5	27,4 - 27,6
Ambas as denticións	21,8	21,7 - 21,9	26,4	26,2 - 26,6	27,6	27,5 - 27,7
Prevalencia de carie (%)						
Dentición temporal	28,0	24,7 - 31,3	10,6	8,4 - 12,7	---	---
Dentición definitiva	2,7	0,9 - 4,6	33,3	29,6 - 36,9	50,9	46,5 - 55,4
Ambas as denticións	29,3	25,8 - 32,9	39,3	35,5 - 43,1	51,3	46,8 - 55,8
Molar 6 anos	1,8	0,4 - 3,1	30,0	26,4 - 33,7	44,3	39,4 - 49,2
Índices CAO						
Índice co	0,79	0,7 - 0,9	0,17	0,1 - 0,2	---	---
Índice CAO	0,03	0,0 - 0,1	0,72	0,6 - 0,8	1,35	1,2 - 1,5
Índice CAOco	0,82	0,7 - 1,0	0,88	0,8 - 1,0	1,36	1,2 - 1,5
Índice SIC	2,47	2,2 - 2,7	2,44	2,3 - 2,6	3,36	3,2 - 3,6
Índice de restauración						
Dentición temporal	35,8	29,3 - 42,3	37,4	28,4 - 46,4	---	---
Dentición definitiva	42,9	13,1 - 72,7	81,9	75,5 - 88,4	88,4	84,8 - 91,9
Ambas as denticións	36,0	29,8 - 42,3	73,5	68,2 - 78,8	88,0	84,2 - 91,7

A figura 1 mostra a evolución da **prevalencia de carie en ambas as denticións, o índice CAOco e o índice de restauración nos escolares galegos de 6 e 12 anos** durante o período 1995-2010.

Figura 1. Evolución da prevalencia de carie (ambas as denticións), o índice CAOco e o índice de restauración en escolares galegos de 6 e 12 anos xunto cos IC do 95%.



